



Concello de
TABOADA

IV CONCURSO DE DESEÑO DO CARTEL ANUNCIADOR DA “XXVII EDICIÓN DA FESTA DO CALDO DE ÓSOS 2018”

Primeira.- Participantes.

- Poderán participar no concurso calquera persoa, artista ou deseñador vinculado á vila de Taboada; individualmente ou en equipo.

Segunda.- Tema, características técnicas, rotulación e lema.

A.- Tema

- O asunto das obras deberá ter en conta e estar relacionado coa festa gastronómica que trata de anunciar: **“XXVII Festa do Caldo de Ósos” que terá lugar o domingo de entroido día 11.02.2017.**
- Os traballos teñen que ser orixinais e inéditos, non sendo presentados noutros concursos e que non sexan, todo ou en parte, copia ou plaxio de carteis publicados con anterioridade. Os autores serán responsables ante o Concello e fronte a terceiros do cumprimento do establecido nestas bases.

B.- Características técnicas

- Os traballos, orixinais e inéditos adoptarán forma vertical, **montado sobre soporte ríxido** preparado para exposición, en **tamaño A3 mínimo**, sen marxes.
- A **técnica** a usar será **libre**; tanto dixital como tradicional (acuarela, óleo, fotos, técnica mixta, etc); sendo obrigatorio, en todo caso, o formato dixital. **O formato dos carteis será vertical e tamaño 60 cms de alto X 40 cms de ancho.**

C.- Rotulación

- Na presentación dos carteis deberá ir impreso o logo do Concello de Taboada.

Terceira.- Presentación, prazo, premios e dereitos.

A- Presentación

- Os traballos presentaranse acompañados dun sobre cerrado onde se incluíra o nome e apelidos do autor o autores, enderezo, teléfono e fotocopia do D.N.I., así como o título da obra e un lema que se poñerá por detrás do cartel.
- No exterior do sobre indicado, aparecerá en letras maiúsculas o mesmo lema que figure na obra presentada, sen constar alusión algunha que permita identificar ao concursante, sendo **causa de exclusión do concurso o incumplimento desta norma.**

Coas obras admitidas celebrarase unha exposición no Salón de Actos da Antiga Casa Cuartel de Taboada

B.- Prazo de Presentación

- O prazo de presentación de obras rematará o día 29 de Decembro de 2017. Serán entregadas no Rexistro de Entrada do Concello de Taboada en horario de luns a venres de 9:00 a 14:00 ou ben mediante o procedemento que regula a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste caso, os aspirantes deberán enviar copia da solicitude, debidamente rexistrada por fax ao Concello no prazo de presentación ao fax número 982.46.50.89.

C.- Premios e Dereitos.

-Entregarase un único premio que consistirá en:

TRESCENTOS EUROS (300€) + UN AGASALLO

-O autor da obra que resulte gañadora cederá a propiedade e demais dereitos ao Concello de Taboada, que se reservará todos os dereitos sobre a mesma; incluído o de reprodución.

- Os carteis non premiados serán retirados polos autores ou persoa debidamente autorizada a partires do 31 de xaneiro de 2018.

- O Concello non será responsable, por causa algunha da perda, deterioro, extravío, etc..., das obras presentadas ao concurso durante o seu prazo de duración, non subscribíndose póliza de seguro que cubra dito risco.

- Será responsabilidade dos autores das obras calquera reclamación que poida producirse en relación a autoría do cartel e o seu posible plaxio.

- A presentación de traballos neste concurso implica a total aceptación destas bases.

Cuarta.- Incumplimento das bases

-O incumplimento dalgún dos puntos destas bases dará lugar á non valoración da obra por parte do xurado.

Quinta.- Xurado e Valoración

- A selección e concesión do premio do Concurso realizarase a proposta dun Xurado constituído da seguinte forma:

- Presidente: Un membro do Concello

- Vocais:

- Un membro da Asociación de Empresarios e Comerciantes de Taboada
- Un membro da Asociación Cultural O Carballo
- Un membro da Asociación de Baile e Gaitas Os D'Eiquí
- Un membro da Asociación O MarraoEnxebre
- Un membro da Asociación de Xubilados de Taboada.

- Secretario: o Secretario do Concello ou persoa en quen delegue.

- **Será necesario un acordo unánime do Xurado. No caso contrario poderá declararse deserto o concurso.**

Taboada, a 14 decembro de 2017.

ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo: Ramiro Moure Ansoar

